

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de decembro de 2007**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dez de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2147).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, PARA O SOSTEMENTO NA LABOR DESENVOLVIDA POLO CÍRCULO MERCANTIL Á TÓDOLOS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS, INSTITUCIONAIS E DE SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA. EXPTE. 4462/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 16.11.07 e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas do 26.10.07, conformado polo Excmo. Alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, que de seguido se trascribe.

2º.- Autorizar o gasto segundo o expresado na clausula 5ª a favor do C.C.Mercantil e Industrial por

unha contía de 18.000 euros con cargo á partida 111.0.489.00.05: 9000 euros no presente orzamento e 9000 euros no orzamento de 2008.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO NA LABOR DESENVOLVIDA POLO CÍRCULO MERCANTIL A TÓDOLOS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS E DE SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA*

*En Vigo, a        de        de dous mil sete.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, D.N.I. 33.178.679-Y Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.*

*Doutra parte, D. Miguel Angel González-Besada Piñeiro, con NIF. 36.094.210-B, Presidente do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo (CIF. G-36614097), sito na rúa Príncipe número 44 de Vigo.*

**EXPOÑEN**

*O Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, Institución fundada no ano 1891 e que realiza unha labor que chega directamente a 22.000 asociados, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo no eido cultural, deportivo e lúdico que se estende a tódolos cidadáns e cidadás de Vigo a través de actos públicos, institucionais e abertos, que contribúe, ademais, á proxección da imaxe exterior da cidade.*

*Por este e outros motivos, concedéuselle a Medalla de Ouro da Cidade, a Placa Nacional ó Mérito Deportivo, así como outras distincións de recoñecido prestixio.*

*Esta especial incidencia pública na vida da cidade e a continuidade das actividades descritas, aconsellan a ámbalas dúas institucións, Concello de Vigo e Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, á sinatura dun convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes*

**CLÁUSULAS**

*Primeira.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento da programación das actividades desenvolvidas polo Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, obxecto de colaboración por parte do Concello de Vigo como Institución, a través de actos de carácter público e institucional, que, ademais, contribúen á proxección exterior da cidade (revista “El Mercantil”, biblioteca, organización de exposicións, cursos literarios, conferencias, concertos institucionais da Coral Casablanca, etc.)*

*Segunda.- As actividades sinaladas na cláusula anterior a desenvolver ó longo dos anos 2007 e 2008 serán subvencionables todos os gastos que se produzan durante o exercicio 2007-2008 directamente relacionados coa execución do programa presentado polo beneficiario.*

*Terceira.- O Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo obrígase ó desenvolvemento das seguintes actividades:*

- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio.*
- Edición de catro números da revista “El Mercantil”, nos que reservarse unha páxina completa en cada número para inserción da información institucional que a Alcaldía considere oportuna. A revista cubrirá o desenvolvemento da programación realizada polo Concello de Vigo, particularmente a de carácter cultural e deportivo.*
- Programación de tres concertos institucionais especiais da Coral Casablanca con orquestra: o Memorial Lírico Camilo Veiga, o de Nadal, e o terceiro a convir a data entre o Concello e o Círculo Mercantil.*
- O Círculo Mercantil facilitará o acceso público ós fondos da biblioteca para a realización de traballos de investigación e estudio, ata a data de remate deste convenio.*
- O Círculo Mercantil atenderá as solicitudes para realizar as exposicións que lle remita o Departamento de Cultura do Concello, co obxecto de estudar a posibilidade de encadralas dentro da súa dinámica cultural, para o que facilitará unha sala de exposicións.*

- O Círculo Mercantil facilitará ó Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 100 localidades a favor do Concello.
- O Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvendo dos concertos.
- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, o Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo ós anagramas do Concello que ós seus propios. No caso de participación doutras entidades, o Círculo Mercantil acordará co Concello a fórmula de presenza dos anagramas.
- O Círculo Mercantil presentará á Concellería de Cultura do Concello a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio entre os días 15 e 27 de decembro de 2007, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e o balance económico de gastos e ingresos.
- O Círculo Mercantil deberá obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

*Cuarta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración á cantidade de 18.000 euros, que se satisfarán do seguinte xeito:*

- 9.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.489.00.05 “Subvencións de carácter cultural”, a crear no presente orzamento.
- 9.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.489.00.05, “Subvencións de carácter cultural” do orzamento do ano 2008.

*O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.75.0040004497 de CAIXANOVA, oficina principal.*

*Quinta.- O pagamento expresado na cláusula anterior farase en dúas partes. A primeira, de 9.000 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente ós derradeiros meses do ano en curso, presentada antes do día 27 de decembro de 2007.*

*A segunda, dos 9.000 euros restantes, contra a presentación da memoria de avaliación da totalidade da programación expresada na cláusula terceira deste convenio de colaboración, a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2008, xunto coas oportunas facturas, xustificantes da subvención concedida, e que se remitirán oportunamente ó Dpto. De Intervención, xunto co informe do técnico do servizo encargado do seguimento da subvención, no que se poña de manifesto a conformidade cos documentos xustificativos presentados e realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.*

*Sexta.- Coa documentación detallada na cláusula anterior deberase xuntar a oportuna certificación de cumprimento, que deberá ser asinada por un técnico designado pola Alcaldía, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.*

*Sétima.- O círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo será o beneficiario dos ingresos que se obteñan nos concertos ós que se fai referencia na cláusula terceira.*

*Oitava.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para toma-las iniciativas que conduzan ó seu cumprimento.*

*Novena.- A vixencia deste convenio de colaboración rematará o día 31 de decembro de 2008.*

*En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados.*

**2(2148).- PROPOSTA DO EXCMO. ALCALDE REFERENTE Ó NOMEAMENTO DO TITULAR DE ASESORÍA XURÍDICA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do Excmo. Alcalde do 5.12.07, que di

o seguinte:

*Atopándose vacante o posto do titular da Asesoría Xurídica, visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data 5.12.2007, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local que en virtude do previsto no art. 129.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, adopte o seguinte acordo:*

Primeiro.- Nomear para o posto de Titular da Asesoría Xurídica a D. José Abelardo Blanco Serrano, con DNI nº 32.628.427 Y, Licenciado en Dereito e funcionario de carreira da escala de Letrado do Consello Consultivo de Galicia que desempeña actualmente o posto de traballo no Consello Consultivo de Galicia, no que se lle declarará pola súa Administración en situación de servizos especiais.

Segunda.- Notificar o presente acordo ó interesado facendo constar que na súa toma de posesión, que deberá realizar nos prazos legalmente previstos, deberá aportar o seu título de licenciado en dereito e certificación na que conste a necesidade de ostentar tal título para o ingreso na escala funcional á que pertence. Trala toma de posesión, no prazo dos dez días seguintes, formalizará declaracións no rexistro de intereses.

Terceira.- Notificar o presente acordo á Área de Persoal ós efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(2149).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2/1472, 1/1584.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores ás seguintes persoas:

- D. Calixto Salgado Nores. Expte. 02/1472.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Pérez Escribano. Expte. 1/1584.

### **4(2150).- RESCISIÓN DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA PARA A CREACIÓN DO VIVEIRO DE EMPRESAS CULTURAI. EXPTE. 10193/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 21.11.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local aprobou con data 23 de abril de 2007 o convenio entre o Concello de Vigo e a Confederación de Empresarios de Pontevedra para a creación dun viveiro de empresas culturais, que se asinou con data 24 de maio de 2007.*

*Como establece o convenio, abríuse un período de presentación de candidaturas de emprendedores que rematou o día 30 de xuño de 2007. A difusión realizouse a través das webs do Concello e da CEP, sen que se chegaran a producir os folletos e insercións publicitarias en prensa que estaban previstas.*

*Na unidade de Cultura, centro xestor do convenio non se ten constancia da presentación de ningunha candidatura até o día de hoxe, polo tanto os espazos destinados a viveiros non chegaron a utilizarse, despois de terse esperado polo departamento de cultura a que se cumprisen os 3 meses desde a data de finalización de presentación de solicitudes, que remataba o 30 de xuño, tal e como se difundiu a través das webs das dúas entidades asinantes do convenio e de diversas notas de prensa.*

*A cláusula décimo primeira do convenio establece que “As partes poderán pedir a rescisión unilateral do*

convenio no caso de que os espazos destinados a viveiros leven máis de tres meses sin ser ocupados”.

Con data 1 de outubro de 2007, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural remitiu un escrito á Confederación de Empresarios de Pontevedra propoñendo a rescisión do convenio en virtude da cláusula décimo primeira, xa que os espazos destinados a viveiros levan máis de 3 meses sen seren utilizados de ningún xeito, xa que o punto sétimo das bases de funcionamento do viveiro de empresas culturais que figura no anexo do convenio se reflectía a autorización para poder a propia CEP darlle outro fin ou destino dependendo das súas propias necesidades ou de outras posibles consideracións ou convenios, sen que isto tampoco tivese lugar.

Os importes que a concellaría de Cultura e Animación Sociocultural tiña destinados ao financiamento do convenio (8.000 € en 2007 e 6.000 € en 2008) serán destinados a outras necesidades da xestión cultural desta Área, xa que se entende que non se produciu ningún gasto por parte da CEP en relación cos seus compromisos adquiridos neste convenio.

En virtude do anteriormente exposto, e unha vez comunicada a decisión de rescindir unilateralmente o convenio por parte do Concello de Vigo sen recibir a data 26 de outubro de 2007 (data na que remataban o prazo de 10 días hábiles contados desde a data de recepción do escrito) ningunha comunicación por parte da CEP, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Único.- Que se rescinda unilateralmente por parte do Concello de Vigo o convenio aprobado en Xunta de Goberno Local con data 23 de abril de 2007 coa Confederación de Empresarios de Pontevedra para a creación dun viveiro de empresas culturais, por non terse ocupado os espazos destinados a viveiros por máis de tres meses, tal e como establece a cláusula décimo primeira do citado convenio no seu último parágrafo”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(2151).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO-ZUNFER PARA ORGANIZACIÓN DO CROSS ESCOLAR VII MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO, O DÍA 16.12.07 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 7350/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Agrupación Viguesa de Atletismo-Zunfer, a organizar o vindeiro domingo 16 de decembro de 2007, o cross escolar VII Memorial Andrés Abanqueiro, entre as 09.00 horas e as 14.00 horas no Parque de Castrelos.

#### **6(2152).- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS NA TEMPADA 2006-2007. EXPTE.7385/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Con data 26/02/2007 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar as BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO-TEMPORADA 2006/2007 (EXPTE 6857-333), establecendo a Base nº 10.4 que “a presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 5 de decembro de 2007. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda. Non obstante ao anterior, a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran causas excepcionais debidamente acreditadas”. Con posterioridade a Xunta de Goberno Local, con data 12/06/2007,

tras a presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas en acollerse á devandita convocatoria, aproba a CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS TEMPORADA 2006-2007”, coas cantidades outorgadas a cada club.

Con carácter simultáneo, aprobaronse as bases para a CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2007 (EXPTE 6858-333), onde na Base 10.4 establececese o seguinte: “os beneficiarios presentarán os xustificantes de execución do evento ou actividade subvencionada nos 60 días hábiles seguintes á súa finalización, e en todo caso, antes do 15 de decembro de 2007”.

Ambas as dúas convocatorias foron publicadas no BOP de data 22/03/2007.

Tendo en conta que se dan determinadas circunstancias excepcionais, enumeradas a continuación, estímase aconsellable propoñer á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo de xustificación de subvencions, ao abeiro do disposto na Base 10.4 das reguladoras da “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO TEMPORADA 2006-2007”. Estas circunstancias son:

- A existencia dun erro tipográfico que levou á remisión a gran número de clubs de escrito, no que se lles requería á xustificación da axuda concedida, sinalándosele coma data límite a do día 15 de decembro, cando en realidade debería ser o 5 do mesmo mes.
- O feito de que a convocatoria de subvencions para a organización de eventos deportivos establecera unha data límite para a xustificación do 15 de decembro, induciu a numerosas entidades, que así nolo fixeron chegar, á confusión e a prever como data límite para a xustificación documental da axuda concedida, a mesma data en ambas convocatorias -entidades e eventos-.

Cómpre tamén ter en conta o prexuízo que esta situación lle podería causar a moitísimas entidades, diante da imposibilidade de proceder á xustificación a subvención concedida antes do 15 de decembro, coa conseguinte perda do dereito á percepción da axuda, o que levaría a moitos deses clubs a unha complicada situación económica, debido a que son entidades que cuxo obxecto principal é a promoción do deporte de base, co que unha grande parte dos seus ingresos son por vía das subvencions concedidas polo Concello de Vigo e outras entidades públicas.

Ademais a ampliación ata o 15 de decembro incluído, do prazo para a xustificación da subvención para entidades deportivas 2006-2007 non supón prexuízo ningún para o Concello de Vigo.  
Deportes

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

“Ampliar o prazo para a xustificación das subvencions concedidas a clubs deportivos para o período 2006-2007, ata o 15 de decembro inclusive, ao abeiro do disposto na Base 10.4 das reguladoras da CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO-TEMPORADA 2006/2007, debido á existencia de circunstancias excepcionais debidamente acreditadas”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(2153).- PROXECTO MODIFICADO CUSTO CERO DA LIQUIDACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CANDEÁN. EXPTE. 7387/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 5.12.07, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 30/12/2005, acordou adxudicar as obras de construción de vestiarios no campo de fútbol de herba sintética de Candeán (Expte 5691/333), a favor de

Oreco, S.A.

*Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas incorreccións de partidas do proxecto que o fan, en parte inviable. Por mor disto, procede a redacción do presente proxecto modificado, co fin de proceder á liquidación definitiva da obra, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras, ou ben axustando as medicións de distintas unidades de obra de tal xeito que non se produza incremento económico da obra.*

*A documentación técnica da obra considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requirimentos esixidos pola Lei de Contratos das AA.PP. -R.D.L. 2/2000-, e R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónsela a súa aprobación aos efectos do control ordenado no artigo 128 da Lei de Contratos das AA.PP.*

*Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:*

*“Aprobar o modificado de liquidación ao proxecto de construción de vestiarios no campo de fútbol de herba sintética de Candeán”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(2154).- PROXECTO MODIFICADO CUSTO CERO DA LIQUIDACIÓN DO PROXECTO DE MÓDULO DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CANDEÁN. EXPTE. 7388/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 5.12.07, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 30/12/2005, acordou adxudicar as obras de construción de modulo de vestiarios no campo de fútbol de Candeán (Expte 985/241), a favor de Roymer, S.A.*

*Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas incorreccións de partidas do proxecto que o fan, en parte inviable. Por mor disto, procede a redacción do presente proxecto modificado, co fin de proceder á liquidación definitiva da obra, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras, ou ben axustando as medicións de distintas unidades de obra de tal xeito que non se produza incremento económico da obra.*

*A documentación técnica da obra considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requirimentos esixidos pola Lei de Contratos das AA.PP. -R.D.L. 2/2000-, e R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónsela a súa aprobación aos efectos do control ordenado no artigo 128 da Lei de Contratos das AA.PP.*

*Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:*

*“Aprobar o modificado de liquidación ao proxecto de módulo de vestiarios no campo de fútbol de Candeán”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(2155).- RECOÑECIMENTO DE CRÉDITO PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DE DOUS ASCENSORES DO EDIFICIO CONSISTORIAL A FAVOR DE SCHINDLER. EXPTE. 12296/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 4.12.07, RC da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Schindler por importe de 7.434,63 Euros, correspondentes ao mantemento de dous ascensores do edificio consistorial dende o mes de marzo ata o mes de novembro de 2007.

**10(2156).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2007. EXPTE.2405/335.**

Mediante providencia de data 29.11.07, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Animación Sociocultural durante o mes de outubro de 2007, e que son os seguintes:

Expte. 2336/335. Contratación de actuacións do Grupo Principal da EMD.

Decreto concelleiro data 8.10.2007.

Informe Intervención RC 60026.

Adxudicatario: Wenceslao Cabezas del Toro.

Importe: 4.500 euros.

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**11(2157).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

| NOME                         | O.PAGO | IMPORTE   | XUSTIFIC. | REINT.   | S/FAVOR |
|------------------------------|--------|-----------|-----------|----------|---------|
| ALONSO FERRAGUD SANTIAGO     | 045367 | 1.200,00  | 1.200,00  | ----     | ----    |
| CARNEIRO MINIÑO PILAR        | 013883 | 3.000,00  | 2.875,04  | 124,96   | ----    |
| ESPADA RE CAREY LUIS         | 052912 | 12.000,00 | 10.984,90 | 1.015,10 | ----    |
| HERMIDA FERNANDEZ JOSE ANGEL | 058336 | 2.500,00  | 2.068,15  | 431,85   | ----    |
| LOPEZ CUESTA ISABEL          | 062615 | 276,80    | 287,30    | ----     | 1----   |
| LOPEZ CUESTA ISABEL          | 062616 | 328,81    | 310,11    | 8,20     | ----    |
| LOPEZ CUESTA ISABEL          | 062618 | 276,80    | 245,30    | 31,50    | ----    |
| LOPEZ CUESTA ISABEL          | 062621 | 130,90    | 112,20    | 18,70    | ----    |
| LOPEZ MOURE JESUS            | 062624 | 68.440,00 | 68.440,00 | ----     | ----    |
| LOPEZ MOURE JESUS            | 063958 | 6.000,00  | 6.000,00  | ----     | ----    |
| LOPEZ MOURE JESUS            | 065173 | 18.647,00 | 18.647,00 | ----     | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 046820 | 200,00    | 92,70     | 107,30   | ---     |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051369 | 90,00     | 90,00     | ----     | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051370 | 244,14    | 225,44    | 18,70    | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051371 | 500,00    | 301,12    | 198,88   | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051373 | 500,00    | 296,97    | 203,03   | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051374 | 244,14    | 225,44    | 18,70    | ----    |
| MAGDALENA VILA MARIA JESUS   | 051376 | 90,00     | 90,00     | ----     | ----    |
| OTERO LAMAS FRANCISCO        | 047637 | 3.690,00  | 3.689,50  | 0,50     | ----    |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA        | 028266 | 70,00     | 70,00     | ----     | ----    |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA        | 049019 | 500,00    | 444,34    | 55,66    | ----    |



|                                      |        |            |            |            |      |
|--------------------------------------|--------|------------|------------|------------|------|
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 054546 | 980,20     | 980,20     | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 054547 | 236,74     | 236,74     | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 054548 | 328,81     | 310,11     | 18,70      | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 054761 | 442,00     | 442,00     | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 057321 | 1.031,24   | 1.031,24   | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 057322 | 206,74     | 206,74     | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 057324 | 260,00     | 203,86     | 56,14      | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 064402 | 630,00     | 630,00     | ----       | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 064403 | 400,00     | 188,00     | 212,00     | ---- |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA                | 064404 | 328,81     | 328,81     | ----       | ---- |
| SAN LUIS COSTAS AVELINO              | 036509 | 10.000,00  | 9.668,00   | 332,00     | ---- |
| SAN LUIS COSTAS AVELINO              | 044574 | 1.500,00   | 1.500,00   | ----       | ---- |
| SAN LUIS COSTAS AVELINO              | 060578 | 926,84     | 926,84     | ----       | ---- |
| SANROMAN VARELA M <sup>a</sup> JESUS | 062623 | 328,81     | 310,11     | 18,70      | ---- |
| VIEITES ALEN JOSE MANUEL             | 055987 | 6.000,00   | 5.990,92   | 9,08       | ---- |
|                                      |        | 142.528,78 | 139.649,08 | 2.879,7    |      |
| TOTAL XUSTIFICADO.....               |        |            |            | 139.649,08 |      |

**12(2158).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2007. EXPTE. 658/334.**

Mediante providencia de data 5.12.07, a concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento do establecido na base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005,dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Animación Sociocultural durante o mes de outubro de 2007, e que son os seguintes:

*Expediente: 641/334. Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local.*

*Decreto concelleira data 22 de outubro de 2007*

*Informe Intervención RC 60947*

*Adxudicatario Tórculo Artes Gráficas, S.A.*

*Importe 9.000 euros*

*Expediente: 648/334. Compra de 20 CD's "Cantigas de Nadal" de panxoliñas galegas*

*Decreto concelleira data 15 de novembro de 2007*

*Informe Intervención RC 66944*

*Adxudicatario Andel-Xaime Nogueira Meixe*

*Importe 345,91 euros*

*Expediente: 651/334. Instalación das ciclobibliotecas e monitoraxe de animación á lectura os días 26, 27, 28, 29 e 31 de decembro de 2007*

*Decreto concelleira data 27 de novembro de 2007*

*Informe Intervención RC 69387*

*Adxudicatario Asociación Cultural Papaventos, E.A.*

*Importe 950 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**13(2159).- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA EMISIÓN DE INFORME EN RELACIÓN CO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO**

**PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RSU, LIMPEZA VIARIA E PRAIAS. EXPTE. 1389/240.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Limpeza, do 23.03.07, que dí o seguinte:

*Mediante escrito de data 19 de xaneiro que tivo entrada no Rexistro o 24.01.2005 a mercantil Fomento de Construcciones y Contratas S.A. adxudicataria do concurso para a concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos diríxese ó Concello solicitando, ó amparo do indicado na cláusula VII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, revisión de prezos ordinaria, a tal efecto adxunta a documentación oportuna.*

*En data de 30.11.2005, a Técnica de Administración Especial adscrita a Patrimonio informa a solicitude presentada e propón acordo onde se fixa un prezo de 16.236.479,91 € para o periodo comprendido entre o 1 de xuño de 2004 ata o 31 de maio de 2005.*

*En data de 26 de decembro o Interventor informa da discrepancia existente entre o informe da propoñente e a adxudicataria, en canto que esta última considera non suxeita á limitación prevista na cláusula VII do Prego determinados compoñentes (deslizamentos). A estes efectos a Intervención Xeral sinala que o órgano de contratación, na súa potestade de interpretación do Prego poderá solicitar os informes que estime pertinentes para resolver tales dúbidas.*

*En sesión de data 30.12.2005, a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, aproba a proposta formulada pola Técnica de Administración Especial e así mesmo acorda, de conformidade co informe de Intervención Xeral solicitar informe á Asesoría Xurídica do Concello relativo á aplicación, ou non, da restricción do IPC máis 1,5 puntos ós “deslizamentos” mencionados pola mercantil adxudicataria.*

O 9.02.2006 o Titular da Asesoría Xurídica emite informe no que textualmente indica (pax. 5):

*“Dito o que antecede quédanos por determinar de acordo coa pregunta formulada se os mesmos [os complementos salariais referentes de circunstancias relativas ás condicións persoais do traballador-antigüidade] son custos de persoal, o que influirá na aplicación da restricción do IPC máis 1,5 puntos, o que se manifestará, que non alberga ningún tipo de dúbida que ditos conceptos entran no parámetro “custos de persoal e polo tanto claramente afectados por tal limitación.”*

*En data de 17.04.2006 a instancia do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o Xefe do Servizo de Inversións emite informe indicando que a previsión contida na cláusula VII pode admitir dúas interpretacións non obstante conclúe sinalando que a proposta formulada pola Técnica de Administración Especial se axusta perfectamente a dereito, é dicir, que o concepto de antigüidade forma parte do custo de persoal e polo tanto está sometido á condición restrictiva de IPC+1,5%.*

O 15.01.2007 a mercantil concesionaria presenta escrito no que advirte que a restricción establecida no Prego de Condicións afecta unicamente ós conceptos salariais susceptibles de negociación cos traballadores pero en ningún caso ós que se deriven de decisións alleas á empresa (antigüidade e cargas salariais). En consideración a elo, dada a importancia da decisión na economía do contrato, e dado que unha interpretación distinta avocaría á descapitalización do contrato a concesionaria propón ó órgano de contratación a emisión de novos informes xurídicos.

*Tendo en conta os antecedentes expostos e habida conta da importancia da decisión a adoptar esta Xefatura coida conveniente que o órgano de contratación solicite informe dun xurista de recoñecido prestixio que coadxuve a formar e ilustrar a vontade do órgano decisor, da Xunta de Goberno Local, en virtude delo proponse ó órgano citado a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Iniciar expediente de contrato menor de asistencia técnica que teña por obxecto a emisión dun informe por un xurista de recoñecido prestixio sobre a problemática exposta, emisión de informe que deberá realizarse nun periodo non inferior a 30 días.*

*Segundo.- Dar traslado do presente acordo á mercantil concesionaria.*

### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(2160).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS DE XOGOS PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 3881/446.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 29 de novembro do xefe do negociado de Contratación, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral , a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3881-446

2º Autoriza-lo gasto 153.000 euros para a subministración de xogos e materiais para parques infantís distribuídos en 9 lotes que se imputarán á partida presupuestaria 4326-629.00.03 do vixente presuposto.

3º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 28-11-2007 e o prego de prescrición técnicas para a subministración de subministración de materiais para parques infantís distribuídos en 9 lotes.

4º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

#### **15.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA PARQUES MUNICIPAIS. EXPTE. 3889/446.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 29 de novembro do xefe do negociado de Contratación, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e cun selo co “intervido e conforme” do interventor xeral de data 7 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3889-446

2º Autoriza-lo gasto 118.000 euros para a subministración de materiais para parques municipais, distribuídos en 7 lotes que se imputarán á partida presupuestaria 4326.210.00.00 do vixente presuposto.

3º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 27-11-2007 e o prego de prescricións técnicas para a subministración de de materiais para parques municipais, distribuídos en 7 lotes .

4º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

#### **16(2161).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 8548/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o

día 21.11.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a “Producción e Xestión Cultural, S.L.” o lote A (monitoraxe e comunicación) do concurso para a contratación dos servizos do programa educativo municipal Vigo por dentro (expte 8548-332) por un importe de 127.000 euros/ano. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-09-2007 e a oferta presentada .

2º Adxudicar a “Utocares La Florida, S.A.” o lote B (transporte) do concurso para a contratación dos servizos do programa educativo municipal Vigo por dentro (expte 8548-332) por un importe de 53.625 euros/ano para a execución de 825 viaxes dentro do termo municipal de Vigo (65,00 euros viaxe) e un prezo de 46.897,5 euros/ano para viaxes fora do termo municipal de Vigo (2,22 euros por Km). Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10-09-2007 e a oferta presentada .

**17(2162).- ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE TELECONTROL DA REDE DE ABASTECIMENTO DE VIGO. EXPTE. 5020/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 21.11.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Macraut Ingenieros, S.L.” a subministración dun sistema de telecontrol da rede de abastecemento de Vigo. (expte 5020-306) por un importe de 19.513,87 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 08-10-2007 e a oferta presentada .

**18(2163).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN ESTRUCTURAL DO VEHÍCULO PO-5723-O. EXPTE. 5066/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 21.11.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “MDC Ingeniería, S.L.” a reparación estrutural do vehículo municipal PO-5793-0 (expte 5066-445) por un importe de 43.807,40 euros, un prazo de garantía de 365 días e un prazo de execución de 45 días. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 08.10.2007 e a oferta presentada.

**19(2164).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA MARTA”. EXPTE. 7446/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o infomre proposta da técnica de Admon. Especial do departamento de Patrimonio de data 20-11-2007, conformado polo concelleiro de Patrimonio e pola Intervención Xeral en data 29-11-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Sta. Marta do Casco Vello, adxudicado á entidade Mercantil “Colegio Los Milagros S.L.”, por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de agosto de 2006, fixando o prezo para a segunda anualidade do contrato, queremata o 31 de xullo de 2008, na cantidade de 170.421,78 euros, e un prezo hora fora da xornada de 47,82 euros.

**20(2165).- SOLICITUDE DE D. BENIGNO BOUZAS ALVAREZ DE DESCATALOGACIÓN DO INVENTARIO DA RÚA FIGUEIRAS. EXPTE. 17813/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta ta técnica de Admon. Xeral de data 19-10-2007, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio que di o seguinte:

*“NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*

*ANTECEDENTES*

*D. Benigno Bouzas Álvarez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de maio de 2006, solicitando a exclusión do inventario da Rúa Figueiras R-2-1 que consta como camiño público e, segundo manifesta o Sr. Bouzas, transcorre integramente pola súa propiedade, constituíndo unha servidume de paso a favor da finca colindante, tal e como consta no título de propiedade da súa finca, documento que achega ó expediente.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica desta Unidade de Patrimonio, de data 6 de xuño de 2007, no que se indica que:*
  - *Se trata dun camiño estreito de servizo a fincas.*
  - *Non posúe servizos urbanísticos.*
  - *Non está afectado polas aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.*
- *Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27 de agosto de 2007, indicando que o camiño de referencia, se ben consta no catastro, non aparece grafiado na cartografía municipal do ano 1964.*
- *Informe do Servizo de vías e obras, de data 13 de setembro de 2007, manifestando que:*
  - *O camiño obxecto do informe ten o firme de terra.*
  - *En canto a servizos, só conta con abastecemento de auga e liña telefónica aérea.*
- *Evacuouse trámite de audiencia ós veciños colindantes para que poidesen formular as alegacións pertinentes na defensa dos seus dereitos, presentándose escrito por D<sup>a</sup> África Hermida Miguélez, en data 23 de febreiro de 2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de*

*bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).*

*Segundo.- O camiño obxecto de reclamación, Rúa Figueiras R-2-1, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, con orixe na Rúa Figueiras R-1 e final en finca particular, e cas seguintes características: lonxitude 70 ml, sección 3 m e unha superficie total de 210 m<sup>2</sup>. Resulta, polo tanto, un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.*

*Terceiro.- Entre os medios e facultades establecidos polo Ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). Neste senso, o artigo 32 LPAP impón as Administracións públicas a obriga de inventariar “os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas par reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que se adiquen (...) o inventario patrimonial (...) incluírá, a lo menos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos”. Así mesmo, segundo o artigo 20.g) RBEL, o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura. O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).*

*Cuarto.- A rectificación do inventario se verificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa (artigos 278 LALG e 33 RBEL).*

*O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto determinar se é correcta a inclusión no Epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión en atención o seu uso público ou ben, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, promover a súa baixa no inventario municipal. Dos diferentes informes e dos planos cartográficos obrantes no expediente dedúcese que o camiño obxecto deste procedemento é de propiedade particular, polo que a informante conclúe que resulta procedente dalo de baixa no inventario. A esta rectificación inventarial unicamente se opón a Sra. Hermida, propietaria da finca colindante ó camiño e que ten constituída o seu favor a servidume de paso que grava ó mesmo. Invoca en xustificación a súa oposición que o Concello adquiriu por prescripción adquisitiva o dominio do camiño de servidume, feito que non consta acreditado. E do seu escrito dedúcese de forma indubitada a existencia da servidume. Por outra banda, solicitados do Arquivo Xeral deste Concello copias dos proxectos presentados tanto pola Sra. Hermida como polo Sr. Bouzas ó solicitar as licenzas de construción das súas vivendas, en ningunha das dúas se fai constar a existencia deste suposto camiño público.*

*Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación inventarial a Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no artigo 127.1.f LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio municipal.*

*En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:*

*“1º.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos da Rúa Figueiras R-1-2, anulando a súa consideración como vía pública en base os razoamentos expostos no corpo deste escrito.*

*2º.- Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos de resolver eventuais reclamacións.*

*3º.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a certificación que ó efecto expida o Rexistro Xeral.*

4.- *Dar traslado do presente acordo o Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de vias*”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(2166).- CESIÓN GRATUITA E EN PRECARIO Á ASOCIACIÓN ASPANAEX DO DEREITO DO USO DO LOCAL DO EDIFICIO MESTRE GOLDAR, 22. EXPTE. 18066/240.**

Este expediente retírase da orde do día.

**22(2167).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, de Intervención Xeral e de conformidade cos informes-proposta do Xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

A) Devolver a FCC, S.A.-EYSA UTE a fianza de 9.015,18 euros, constituída para responder do servizo de regulación de aparcamentos na vía pública xa que se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2064/241.

B) Devolver a SANTOS HÉCTOR, S.A. a fianza de 1.330,88 euros e a de 8.277,69 euros, constituídas para responder da renovación de instalacións de alumado público, lote 2, e da instalación de alumado público en García Barbón, respectivamente, xa que os servizos recibíronse mediante actas de 06.04.00 e de 05.06.99, conforme ás condicións dos pregos que rexeron as contratacións e por transcorrer os prazos de garantía. Expte. 2058, 2057 DE 241.

C) Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 3.208,96 euros constituída para responder da urbanización de accesos ó novo centro cívico de Saiáns xa que as obras recibíronse mediante acta 05.07.06 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 53370/250.

D) Devolver a ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A., a fianza de 30.050,61 € constituída para responder do Servizo de retirada, depósito e ecustoria de vehículos mal estacionados, foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.. Expte. 2056/241.

E) Devolver a ADELINO CARRERA, S.L.a fianza de 9.600 €, constituída para responder da subministración de formigón e áridos xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que Expte. 1927/241.

**23(2168).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> COVADONGA CIFUENTES ARGÜELLES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1274/243. RESPONSABLE CESPA S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. José Manuel Olivares Mozo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Ana María Argüelles Cifuentes, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello*

de 26 de outubro de 2006, no que expón que o día 4 de marzo de 2006 o vehículo de propiedade da Sra. Argüelles, con matrícula 4113-CWC, sufriu danos materiais por culpa da caída da póla dunha árbore na rúa Areal, á altura do número 12, cuxo valor de reparación ascende a 252,08 euros.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 04/03/2006, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Argüelles relátalles o accidente que tivera.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 27/11/2006, no que manifestan que sobre os danos ocasionados debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 29/11/2006, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Plus Ultra, presentado polo reclamante, por un importe de 252,08 euros son correctos.
- Práctica de proba testifical, en data 10/01/2007, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Olivares.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 31/01/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 13/02/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o establecemento e mantemento de parques e xardíns, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. A Xunta de Goberno Local



do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2005, acordou adxudicar a CESPA, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., a xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo da Xunta de Goberno en data 8 de novembro de 2004 e modificado posteriormente en data 29 de novembro do mesmo ano, contrato outorgado por un prazo de 8 anos, contado a partir do 1 de maio de 2005, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

Cuarto.- A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa contratista. Así, consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Así mesmo, o Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, no apartado 1º c) da cláusula XIX establece entre as obrigas do adxudicatario “responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros”.

Tras o exame do expediente, á vista da proba practicada, podemos concluír que a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Fuentes poden ser imputados á entidade Cespa. Así, se ben á chegada da Policía Local ó lugar dos feitos o accidente xa tiña acaecido e os axentes non foron testemuñas presenciais do mesmo, e so poden dar fe da realidade da existencia de danos no vehículo, a testemuña presencial dos feitos corrobora a relación fáctica da reclamante. En trámite de audiencia a empresa Cespa, alega a súa falta de responsabilidade nos supostos danos apoiándose na falla de proba da reclamante sobre os feitos alegados e considera, non obstante, que de resultar certos os feitos, a responsabilidade ou ben corresponderíalle ó Concello, que é quen determina que árbores deben ser talados ou podados, ou ben, de serlle imputable a responsabilidade quedaría exonerada por causa de forza maior por razón das fortes rachas de vento que sopraban na cidade, extremos que non proba, polo que non desvirtúa a proba da reclamante.

Quinto.- Unha vez determinado que os danos obxecto da presente reclamación poden ser imputables ó funcionamento defectuoso do servizo de conservación e reposición de zonas verdes e que dos mesmos debe responder a empresa concesionaria de este servizo, é preciso establecer a contía dos mesmos.

A Sra. Fuentes achega ó expediente unha factura de reparación dos danos sufridos polo seu vehículo emitida por Talleres Rodosa por importe de 252,08 euros, importe que coincide co valor da reparación estimado no informe pericial da entidade Plus Ultra que o servizo do Parque Móbil estima correcto en relación cos danos descritos no parte policial, polo tanto, procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. osé Manuel Olivares Mozo en nome e representación de Dª. Ana María Argüelles Cifuentes, en data 26 de outubro de 2006.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño e no apartado 1º c) da cláusula XIX do Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 252, 08 €, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(2169).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA CARMEN CASARIEGO BARRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1301/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración

Xeral, do 27.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María Carmen Casariego Barro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de novembro de 2006, no que expón que o día 10 de novembro de 2006, mentres camiñaba pola avenida Madrid, entre a praza de España e o sanatorio Concheiro, sufriu unha caída ó tropezar cunha placa de ferro afundida, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 12/12/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/01/2007, sobre o lugar do accidente no que indican que hai tres tapas con rebaixe suficiente para producir accidentes e que unha das tapas probabelmente sexa da iluminación pública.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 135,60 euros.*
- *Informe do servizo de Electromecánicos no que indican que dúas das arquetas existentes no lugar son de semáforos e a terceira corresponde a un sumidoiro.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 16/07/2007, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

**Segundo.-** *Constítúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

**Terceiro.-** *O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas*

condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

**Cuarto.-** Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, dado que o reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que na Xefatura da Policía Local non teñen noticia do presunto accidente. A Sra. Casariego en xustificación dos danos reclamados limitase a aportar unha factura dunhas lentes, obxecto supostamente danado con ocasión do accidente. Á vista destes datos, a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente nin os feitos nos que basea a súa reclamación nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración, polo que fallan os presupostos esenciais para poder determinar a existencia de responsabilidade do Concello nos feitos alegados.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. María Carmen Casariego Barro en data 13 de novembro de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(2170).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ENMA RABADÁN BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1302/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 27.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

D<sup>a</sup>. Enma Rabadán Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de novembro de 2006 no que expón que o día 28 de febreiro de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula 6055-CZH, estando estacionado no aparcadoiro do mercado do Progreso, sufriu unha serie de desperfectos.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Parque Móbil, de data 07/02/2007.
- Práctica de proba testifical en data 03/04/2007 ás testemuñas propostas pola reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Asociación de comerciantes y vendedores del mercado del Progreso de Vigo, en data 18/09/2007, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións mais presenta documentación en data 24/10/2007.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- Os presuntos danos prodúcense no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aparcadoiro público, aínda que tal servizo é xestionado de forma indirecta (artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia), competencia na que pode englobarse a actividade de aparcadoiro público. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 31 de marzo de 2003, acordou adxudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo a concesión da xestión do servizo do Mercado do Progreso de Vigo por un prazo de 25 anos, de acordo co prego de condicións aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993 e a oferta presentada, formalizándose o contrato en documento administrativo en agosto de 2004.*

*Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local e a mercantil concesionaria do servizo, por se tiveran constancia do accidente. As testemuñas propostas pola reclamante non presenciaron o presunto accidente, so poden dar fe da existencia de pintadas con spray no vehículo da Sra. Rabadán, máis non de quen as fixo nin en que momento.*

*Quinto.- Aínda que a Sra. Rabadán probase cumpridamente que os danos o seu vehículo foron ocasionados no interior do aparcadoiro, estes non se deberon ó mal funcionamento do servizo, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, trataríase de actos vandálicos realizados por terceiros descoñecidos.*

*O carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non exonera do cumprimento de determinados requisitos, que a xurisprudencia ven esixindo para que resulte viable a reclamación y que substancialmente se concretan nos citados no apartado segundo dos presentes fundamentos xurídicos. A tal efecto, e polo que se refire ó nexo*

causal, que é o requisito cuestionable neste caso, ha de terse en conta que o carácter obxectivo desta responsabilidade non supón que a Administración haxa de responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para illo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención dun terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso. Así se reflicte en [sentenzas do Tribunal Supremo como as de 27 de decembro de 1999 e 9 de maio de 2001](#), segundo as cales, «es doctrina jurisprudencial consolidada la que sostiene la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público ([Sentencias, entre otras, de 21 de marzo, 23 de mayo, 10 de octubre](#) y 25 de noviembre de 1995, 25 de noviembre y [2 de diciembre de 1996](#), 16 de noviembre de 1998, [20 de febrero, 13 de marzo](#) y [29 de marzo de 1999](#))».

O feito de que a responsabilidade da Administración se configure como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prever calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformárase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico (STS de 4 de maio de 1998).

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da reclamante e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo de mercado.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Enma Rabadán Blanco, en data 13 de novembro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os presuntos danos nin o nexo de causalidade entre os mesmos e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26- RECLAMACIÓN DA ENTIDADE ARAG (D. JOSÉ CARLOS RODAL OTERO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1304/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 27.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

A entidade Arag presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación do seu asegurado D. José Carlos Rodal Otero, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de novembro de 2006, no que expón que o día 17 de outubro de 2006, o vehículo de propiedade do Sr. Rodal, con matrícula 8262-BJP, sufriu unha serie de danos materiais na rúa Anduriña, á altura do número 25, por mor da caída dun valo de propiedade do Concello.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 17/10/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, Dna. Soledad Vales Rodríguez relátalles o accidente que sufrira o vehículo tras deixalo estacionado no lugar; igualmente comprobaban os danos ocasionados e que o valo pertence ó Concello de Vigo e que desprendera dunha fachada debido ó forte vento.

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/01/2007, sobre o lugar do accidente, no que indican descoñeceren o valo así como que non hai no lugar zona habilitada para estacionar vehículos.
- Informe do Parque Móbil, de data 19/01/2007, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Fer-Movil, presentado polo reclamante, por un importe de 208,80 euros IVE incluído, resultan razoábeis.
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, de data 01/03/2007, no que manifestan que está prohibido aparcarse na fronte principal do edificio nº 25 da rúa Anduriña.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 12/04/2007.

#### Fundamentos de dereito:

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de*

Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatar-se que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. Rodal presentaba determinados danos, e da existencia dun valo sobre o vehículo a súa chegada, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fora que o valo caeu enriba do vehículo por mor do vento e non que o vehículo impactase co mesmo por calquera outra causa, posto que descoñecen a ubicación do valo con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Temos de concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración..

Quinto.- Hai que ter en conta, ademais, o dato de que o vehículo estaba estacionado en un lugar de estacionamento prohibido, polo que o condutor estaba infrinxindo o artigo 39 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial. Este dato nos leva a concluír que aínda que quedase probada a relación de causalidade entre os danos sufridos polo Sr. Rodal e o funcionamento dun servizo público desta Administración, que non é o caso, a negligencia do condutor do vehículo, co seu defectuoso control da conducción, interferiría neste nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento do servizo público local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola entidade Arag en nome e representación do seu asegurado D. José Carlos Rodal Otero en data 15 de novembro de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(2171).- RECLAMACIÓN DE D. HIGINIO PORTA GARRE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1265/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Higinio Porta Garre presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de outubro de 2006, no que expón que o día 23 de novembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Aragón, á altura do número 276, sufriu unha caída debido ó mal estado dunhas baldosas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras de data 30/10/2006.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 15/11/2006.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 01/02/2007.
- Práctica de proba testifical, en data 23/03/2007.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.670,79 euros.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 11/07/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e

*reposición de zonas verdes, que formula alegacións en datas 23 e 27/08/2007.*

- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 29/08/2007, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Cuarto.- No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, máis tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non trátase dun defecto oculto, consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras, senón que a caída ocorreu nun alcorque con restos do tocón dunha árbore, visible a unha distancia considerable en circunstancias normais de circulación e tránsito, e evitable empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulacón, así se aprecia nas fotografías que constan no expediente. Ademais, hai que ter en conta, por unha banda, o dato de que o accidente ocorreu de día e había boa visibilidade, segundo declara a testemuña presencial dos feitos, e por outra banda, o feito de que non consta no expediente dato ningún que permita deducir que o Sr. Porta teña defectos físicos ou psíquicos*



que lle impidan a detección do mencionado obstáculo. A propia testemuña, ó ser preguntado polo instrutor sobre se había algún defecto na rúa e de ser así, a que distancia podía verse, resposta que “las baldosas levantadas, si vas distraído no las ves”, con lo que implícitamente parece admitir que dado que o estado da beirarrúa era visible a distancia, a hipótese máis probable para explicar o accidente era que o Sr. Porta fose distraído, é dicir, cun defecto de atención no control da súa deambulación. Á vista destes datos, é preciso concluír que a presenza dunha zona defectuosa na beirarrúa non representaba un obstáculo para a circulación peonil por canto era apreciable a bastante distancia con so empregar a dilixencia esixible para o control da propia deambulación.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Higinio Porta Garre, en data 19 de outubro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(2172).- RECLAMACIÓN DE D. JUAN PABLO MARTÍNS LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1271/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Juan Pablo Martins Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de outubro de 2006 no que expón que o vehículo de súa propiedade, con matrícula 5657-BKH, estando estacionado no aparcadoiro de Jenaro de la Fuente, sufriu rascazos e pinchazos nas rodas, debido á falta de vixilancia no local.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Dilixencias da Dirección Xeral de Policía, de data 23/10/2006, que recollen as manifestacións do Sr. Martins.*
- *Informe da empresa concesionaria “Aparcamiento Jenaro de la Fuente, S.L.”, de data 22/12/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 08/02/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- Os presuntos danos prodúcense no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aparcadoiro público, aínda que tal servizo é xestionado de forma indirecta (artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia), competencia na que pode englobarse a actividade de aparcadoiro público. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de febreiro de 1995, outorgou en réxime de concesión administrativa o aparcadoiro subterráneo de Jenaro de la Fuente á UTE “Construcciones y Viales S.A. e Mirón y Gutiérrez S.L”, segundo o Prego de condicións administrativas aprobado en sesión plenaria de data 20 de xuño de 1994, por un prazo de 99 anos. Posteriormente, en data 13 de decembro de 1997, o Pleno acordou autorizar a cesión da concesión a favor da empresa “Aparcamiento Subterráneo Jenaro de la Fuente S.L.”.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local e a mercantil concesionaria do servizo, por se tiveran constancia do accidente, dado que o reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos. O Sr. Martins limitase a aportar como probas diversas denuncias dos feitos formuladas ante órganos xudiciais e outros organismos oficiais, unha factura de compra dunhas rodas e un presuposto de reparación dos rascazos que supostamente sufriu o seu vehículo mentres permanecía aparcado no aparcamento de Jenaro de la Fuente, máis non achega proba ningunha que dea fe dos presuntos danos sufridos no seu vehículo e do lugar onde teñen acaecido, polo que a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Juan Pablo Martíns Lorenzo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os presuntos danos nin o nexo de causalidade entre os mesmos e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29- RECLAMACIÓN DE SEGUROS BILBAO (Dª TANIA SOARES BARBOSA) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1280/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 23.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

A entidade Seguros Bilbao presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de outubro de 2006 no que expón que o día 10 de xullo de 2006 o vehículo de propiedade da súa asegurada Dña. Tania Soares Barbosa, con matrícula 2281-CBR, estando estacionado na rúa Rosalía de Castro, á altura do número 46, sufriu danos materiais por mor dun colector de reciclaxe de papel que se incendiou.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 01/08/2006, sobre o incendio no colector que afectou o vehículo da Sra. Soares.
- Parte de servizo da Policía Local, de data 10/07/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar do accidente, comprobaban como o incendio do colector afectaba ó vehículo da Sra. Soares, polo que o moven para evitar o seu calcinamento total; igualmente, indican descoñecer a orixe do incendio.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 14/12/2006, que confirman o incendio do colector, manifestando descoñecer ó causante deste posible acto vandálico.
- Evacuouse trámite de audiencia á U.T.E Vigo-Recicla, concesionaria do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclábeis, que formula alegacións en data 10/01/2007.
- Evacuouse trámite de audiencia á reclamante en data 12/01/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, se ben, neste caso, dado que a reclamante é unha persoa xurídica distinta da propiedade do vehículo que sufriu os danos, é preciso examinar previamente a súa lexitimación como reclamante. Neste senso, achegase ó expediente unha declaración xurada da propietaria do vehículo, D<sup>a</sup>. Tania Soares Barbosa, na que afirma ter sido indemnizada pola compañía aseguradora do seu vehículo, Seguros Bilbao, dos danos e perdas derivados do accidente obxecto da presente reclamación. Consecuentemente, procede recoñecer a lexitimación de Seguros Bilbao no presente procedemento.

Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos

públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Para a prestación deste servizo é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Quinto.- O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non se debeu ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, tal e como informa o Servizo de limpeza, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

O carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non exonera do cumprimento de determinados requisitos, que a xurisprudencia ven esixindo para que resulte viable a reclamación y que substancialmente se concretan nos citados no apartado segundo dos presentes fundamentos xurídicos. A tal efecto, e polo que se refire ó nexo causal, que é o requisito cuestionable neste caso, ha de terse en conta que o carácter obxectivo desta responsabilidade non supón que a Administración haxa de responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para illo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención dun terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso. Así se reflicte en [sentenzas do Tribunal Supremo como as de 27 de decembro de 1999 e 9 de maio de 2001](#), segundo as cales, «es doctrina jurisprudencial consolidada la que sostiene la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público ([Sentencias, entre otras, de 21 de marzo, 23 de mayo, 10 de octubre](#) y 25 de noviembre de 1995, 25 de noviembre y [2 de diciembre de 1996](#), 16 de noviembre de 1998, [20 de febrero, 13 de marzo](#) y [29 de marzo de 1999](#))».

O feito de que a responsabilidade da Administración se configure como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prever calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico (STS de 4 de maio de 1998).

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da Sra. Soares asegurado pola entidade reclamante e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Seguros Bilbao en data 30 de outubro de 2006 por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos polo vehículo de D<sup>a</sup> Tania Soares Barbosa, aboados pola entidade reclamante, con ocasión do incendio dun colector situado na vía pública”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(2173).- RECLAMACIÓN DE D. ANRONIO EDREIRA SÁNCHEZ (MAPFRE) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1285/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 23.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Antonio Edreira Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da aseguradora Mapfre, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de novembro de 2006, no que expón que o día 2 de agosto de 2006, o vehículo de propiedade de D. Cándido Vea González e asegurado por Mapfre, con matrícula PO-0331-BC, estando estacionado na rúa Campos, á altura do número 19, sufriu danos materiais por culpa dunha pedra desprendida do chan e lanzada contra o seu parabrisas, durante os traballos de desbrozamento realizados por operarios municipais.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 15/11/2006, que confirma os extremos alegados polo Sr. Edreira.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 27/11/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 474113 de Talleres Guardian Express, presentada polo reclamante, por un importe de 66,83 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 01/12/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, se ben, neste caso, dado que a reclamante é unha persoa xurídica distinta da propiedade do vehículo que sufriu os danos, é preciso examinar previamente a súa lexitimación como reclamante. Neste senso, achegase ó expediente unha certificación emitida por Mapfre Mutualidad das coberturas do seguro de responsabilidade civil obrigatoria do vehículo matrícula PO-0331-BC propiedade de D. Cándido Vea González, entre as que se inclúe a “Rotura de parabrisas e lunas”. E na factura de reparación do vehículo figura como cliente Mapfre, e figura un conforme á reparación realizada firmado polo propietario do vehículo. Consecuentemente, procede recoñecer a lexitimación de Mapfre Mutualidad no presente procedemento.*

*Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81 da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia).*

O accidente obxecto da presente reclamación tivo lugar ó realizar os operarios municipais as labores de limpeza dun xardín. No curso destas actuacións unha máquina desbrozadora fixo saltar unha pedra que bateu contra o vehículo de do Sr. Vea e lle rompeu o cristal. Á vista deste dato podemos concluír que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do Sr. Vea e ó funcionamento do servizo público municipal. Dado que se trata dun prexuízo antixurídico que o prexudicado non ten o deber de soportar por non tratarse dunha carga social, a Administración municipal deberá responder dos danos.

Quinto.- Unha vez determinado que concurren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Vea, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas.

O reclamante achega ó expediente unha factura de Talleres Guardian Express por un importe de 66,83 euros, factura conformado polo servizo de parque móbil, que no seu informe considera que os prezos son correctos, polo que procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación de Mapfre, Mutualidade de Seguros e Reaseguros, en data 6 de novembro de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos polo vehículo propiedade de D. Cándido Vea González, e asegurados pola entidade reclamante, indemnizándoo coa cantidade de 66,83 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo danado”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(2174).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. PILAR OTERO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1286/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 21.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

D<sup>a</sup>. Pilar Otero Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de novembro de 2006, no que expón que o día 26 de outubro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, á altura do número 98, sufriu unha caída ó tropezar nunhas lousas soltas, producíndose danos de carácter material.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 26/10/2006, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, a Sra. Otero relátalle o accidente que tivera; igualmente, comproba o mal estado das lousas e procede a sinalizalas para evitar outros accidentes.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/01/2007, sobre a beirarrúa onde a reclamante indica ter ocorrido o accidente.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 03/04/2007, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avalíabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, dado que o reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que cando os axentes actuantes se persoaron no lugar dos feitos a Sra. Otero xa tiña caído, polo que procederon a recoller as súas manifestacións sobre o accidente no parte de servizo, máis non poden dar fe nin da realidade dos danos materiais supostamente sufridos pola reclamante, nin da causa dos mesmos así como tampouco da súa relación causal co funcionamento anormal do servizo público municipal. A Sra. Otero en xustificación dos danos reclamados limitase a aportar un presuposto dunhas lentes e unha factura de reparación dun teléfono móbil, obxectos supostamente danados con ocasión do accidente. Á vista destes datos, a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Pilar Otero Pérez por non*

*corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(2175).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DEL CARMEN RODRÍGUEZ BALADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1287/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 22.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María del Carmen Rodríguez Balado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de novembro de 2006, no que expón que o día 27 de agosto de 2006, mentres camiñaba pola Gran Vía, sufriu unha caída debido ó mal estado das lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 15/11/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12/12/2006, sobre o estado do lugar no que a solicitante indica ter ocorrido o accidente.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.324,10 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 27/08/2007.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que*



este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do presunto accidente, pois a Sra. Rodríguez non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que na Xefatura da Policía Local non teñen noticia do mesmo. A Sra. Rodríguez como proba dos feitos alegados na súa reclamación limitase a achegar ó expediente diversos informes médicos que proban que ten sufrido un esguice de nocelo, pero que en modo ningún establecen un nexo de causalidade entre estes danos e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal, requisito fundamental para poder determinar a existencia de responsabilidade por parte de esta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez Balado por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(2176).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> EUGENIA CABALEIRO ÁLVAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE DANOS. EXPTE. 126/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 28.11.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Dona Maria Eugenia Cabaleiro Álvarez presenta en data 19.6.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na beirarrúa de acceso o centro comercial núm. 4 de Coia, e que lle foi notificada 1.6.2007.

#### **FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que non se amosa de acordo coa fundamentación da resolución de que os defectos na beirarrúa son visíbeis e patentes nin coas demais. Por non estar o acceso vallado ou sinalizado para prohibir o acceso das persoas que diariamente acceden ó centro comercial. Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, causándolle danos. Ó respecto convén indicar que é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o intersado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. E neste caso non hai ningunha testemuña presencial dos feitos polos que se reclama e as sóas manifestacións da interesada a estes efectos non resultan suficientes a efectos de proba como se fundamenta na resolución que se recorre.*

*Terceiro.-- Consonte co art. 116 da LRPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona maria Eugenia Cabaleiro Álvarez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 25 de maio de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de danos a consecuencia dunha caída na beirarrúa de acceso ó centro comercial núm. 4 de Coia, e confirmar integramente a mesma.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(2177).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROGRAMA DE DIVULGACIÓN E INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO. EXPTE. 4044/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 22.11.07, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 08/10/2007, adoptou o acordo de prorrogar o contrato de asistencia técnica para o programa de divulgación e interpretación do patrimonio arqueolóxico, adxudicado a d. José Valtierra Pérez por acordo do mesmo órgano de 02/10/2006 por un importe de 21,030 euros anuais, con cargo á partida 4531.227.06.00, que farase efectiva en pagamentos trimestrais de unha cuarta parte do prezo do contrato (5.257,5 euros), coa correspondente aplicación do incremento do IPC nos supostos recollidos nas cláusulas do contrato (únicamente poderá procederse á revisión de prezos no caso de prórroga do contrato).*

*Por tanto, corresponde, unha vez aprobada esta prórroga de contrato e consultado el procedemento para a revisión de prezos contido nas cláusulas do contrato (período comprendido entre as datas de apertura de ofertas e revisión do prezo), e unha vez consultada a páxina oficial do Instituto Nacional de Estadística -índice xeral calculado de agosto de 2006 a outubro de 2007- a porcentaxe a aplicar será o 3,8 %.*

*Por todo lo exposto, se propone solicitar á Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*Autorizar disposición de crédito por importe de 799,14 euros na partida 4531.227.06.00 (o bolsa de vinculación), en concepto de revisión de prezos do contrato de d. José Valtierra Pérez para a execución do programa de divulgación e interpretación do patrimonio arqueolóxico, acordado na Xunta de Goberno Local de 02/10/2006, con cargo á que se pagará o incremento do IPC no período agosto 2006-outubro 2007. Así pois, o importe final do contrato, aplicados todos os incrementos do IPC que lle corresponden, é de 21.829,14euros.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **35(2178).- ABOAMENTO DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2007, EN CONCEPTO DE RECLAMACIÓN CON CARGO Ó FONDO SOCIAL. EXPTE. 17867/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.07, o acordo da Comisión do Fondo Social do 16.11.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 22.11.07, conformada polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autoriza-lo abono, en concepto de reclamacións das axudas socio-sanitarias 2007, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 3.391 € (TRES MIL TRESCENTOS NOVENTA E UN EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

| APELIDOS E NOME              | DNI        | Nº PERSOAL | EUROS    |
|------------------------------|------------|------------|----------|
| Arenas Villarroel, Santiago  | 36.041.201 | 18388      | 325,00   |
| Bouzas Alvarez, Antón        | 35.232.815 | 16550      | 285,00   |
| Casas Muras, Elvira          | 35.445.741 | 77175      | 227,00   |
| García Soto, Francisco J.    | 36.029.618 | 79367      | 300,00   |
| López Burgo, Juan Carlos     | 36.048.958 | 18394      | 435,00   |
| López Rodríguez, Manuel A.   | 36.049.331 | 80360      | 366,00   |
| Moreira Valiño, Rafael       | 36.051.112 | 17124      | 290,00   |
| Rodríguez Boente, Eduardo    | 53.196.731 | 80359      | 265,00   |
| Suárez Rodríguez, José M.    | 36.116.567 | 78778      | 435,00   |
| Vaqueiro Herbello, Mª Teresa | 35.974.590 | 9410       | 368,00   |
| Vázquez Marín, Antonio       | 36.007.059 | 14210      | 95,00    |
| SUMA TOTAL                   |            |            | 3.391,00 |

### Reclamacións denegadas:

Martínez Pardo, Santiago J.: Só presentou factura cristais.

- Fuentes Sánchez, Jesús: Por montura só corresponde 100 €, segundo as bases.
- Corzón Mourelle, Alfonso: A factura presentada estaba fora de prazo (xaneiro 2006).

### **36(2179).- ABOAMENTO DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL. EXPTE. 17869/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.07, o acordo da Comisión do Fondo Social do 9.11.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 22.11.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-lo abono, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 10.716,00 € (DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

| APELIDOS E NOME           | DNI        | Nº PERSOAL | EUROS     |
|---------------------------|------------|------------|-----------|
| Alvarez Bernardez, Amador | 35.933.131 | 12990      | 1.316,00  |
| Faro Chamadoira, Angeles  | 36.033.947 | 15071      | 5.200,00  |
| Mariño Villanueva, Julia  | 36.045.806 | 22361      | 600,00    |
| Pérez Rodríguez, Ramón    | 36.084.908 | 18425      | 3.600,00  |
| SUMA TOTAL                |            |            | 10.716,00 |

**37(2180).- PRODUCTIVIDADE DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS 2007. EXPTE. 17925/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC de acreditación de saldo para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.12.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a asignación individual dos complementos retributivos por productividade, pola contía e asignación nominal contida nos informes dos servizos municipais obrantes no expediente e que ascende a un importe total de 1.168.555,85 € co seguinte detalle

| Nº  | SERVIZO                    | RELACION QUE COMEZA POR   | IMPORTE TOTAL |
|-----|----------------------------|---|---------------|
